



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O
DÍA 21-12-2020

Celebración do Pleno ordinario sendo ás 20:00 horas do día 21 de decembro de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D. Miguel Ángel González Gómez.

D. Faustino Santiago Lema

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D^a. M^a. Noelia Varela Suárez

D^a María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

D^a. M^a. Beatriz Martínez Calvo

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

Polo PSdeG-PSOE:

Por APIN-SON Ponteceso:

Polo PP

D. Jesús Daniel García Coteló.

SECRETARIA : D^a ANTÍA PENA DORADO
INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión. A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

ORDE DO DÍA:

Primeiro. Ratificación da urxencia

Pide a palabra D^a. Marta Carrillo Aguiar, como voceira do PP dado que o seu voceiro non pode asistir por motivos persoais e comenta se a partir de agora por mor do COVID, poderían celebrarse telemáticamente os plenos ao que o Sr Alcalde que será un tema a tratar nunha reunión de voceiros.

O Sr Alcalde indica que se trata neste punto de ratificar a urxencia.

Toma a palabra o Sr Pose Verdes e indica que a ver se se toma en serio este pleno, xa que as propostas de hoxe foron tratadas no pleno anterior, sabendo que o alcalde se estaba saltando a normativa e non facendo caso as indicacións da señora Secretaria.

Toma a palabra o Sr Alcalde e insiste que este foi o único acordo ao que se chegou na Comisión Informativa, que teñen por obxecto preparar un pleno, polo que hai que ratificar a urxencia, se non se ratifica xa non hai pleno.

Non habendo máis aclaración o pleno ratifica a urxencia por unanimidade.

Segundo.-Eliminación de tódolos cargos con dedicacións exclusiva e parcial aprobados en sesión constitutiva deste Pleno na data de 15/06/2019 e destino dos créditos liberados ao Plan de Emprego Social 2020/2021.

O alcalde dálle a palabra ao voceiro de APIN que no inicio da súa exposición di que son conscientes da situación dos veciños do concello, dos cales moitos deles non reciben ningunha axuda, polo que eles como os representantes da administración máis próxima non poden permanecer cos brazos cruzados e débense tomar medidas.

Recórdalle que o Plan de Emprego xa se insistiu no seu momento a Concelleira de Servizos Socias no 2018 pero como non era do seu agrado, xa non quixo darlle pa adiante.

Continúa dicindo que ven que nos últimos días o Alcalde anunciou que ten fondos suficientes para contratar a máis traballadores, agora hai 16. Parece que cando se quere sí hai fondos suficientes. Alédanse por iso pero esperan que non se sacaran doutros lados, e que non se agraven os problemas de funcionamento doutros servizos e aproveita para pedir explicacións polo servizo da depuradora de Corme, dado o anuncio de paralización do servizo pola empresa xestora dados os incumprimentos económicos e técnicos por parte do Concello.

Recorda que cando entraron co tripartito a depuradora de Corme era un verdadeiro desastre.

O alcalde intervén e pídelle ao voceiro de APIN que se ciña a súa moción nos 10 minutos que lle corresponden.

O voceiro de APIN di que o alcalde pode falar do que queira eo resto non.

Incide en que o Plan de Emprego non é suficiente para os veciños, non debe olvidar porque están ali como representantes, esto non é ningún xogo, polo que a proposta vai máis alá, hai que utilizar os cartos dunha maneira urxente porque o necesitan os veciños.

Hai que pensar algo na hostelería, nos autónomos, sectores que o están a pasar moi mal por mor das restriccións e que recibiron cero axudas do Concello. Por todo isto traemos esta proposta .

De seguido o Sr Alcalde dalle a palabra a voceira do PP , Sra Carrillo Aguiar, que toma a palabra e di que o Grupo Municipal do PP de Ponteceso, non está de acordo en que a xente traballe sin cobrar, nin quere quitarlle o soldo a ninguén, o PP vaise abster nesta proposta.

O Sr Alcalde, na súa quenda de intervención, recorda que no anterior pleno solicitouse facer un pleno extraordinario para o 14 de decembro, pero días mái tarde viu que o concelleiro de APIN e os concelleiros non adscritos do PSOE solicitan outro pleno extraordinario e recorda que o pobo non lle votou a APIN.

Intervén o Sr Pose Verdes e di que se non fora legal o pleno, non o convocaba. O alcalde retíralle a palabra.

Pide o Sr Alcalde que por favor que non lle fagan perder máis o tempo, que ten máis que facer no Concello que estar cada 15 días con plenos extraordinarios. Recorda que APIN non pode solicitar plenos extraordinarios cos non adscritos dado que non o permite o regulamento orgánico municipal.

Interven o Sr. Eiroa Ameijenda, concelleiro do PSOE, que lle recrimina ao alcalde que eso o di él.

O Sr alcalde retíralle a palabra porque non ten uso da mesma.

Continuando a súa exposición, o Sr Alcalde di que a proposta de APIN carece de fundamento, fala de Plan de Emprego Social o cal nunca se fixera neste concello ata que a concelleira D^a. Noelia María Varela Suárez se puxo con él .O Plan de Emprego Social está moi xustificado para xente con verdadeiras necesidades sociais, e tódalas persoas que debían entrar entraron. Fixóse unha modificación de crédito e entraron todos, polo que a moción non ten fundamento nin argumentación legal, agradecendo a abstención do PP, de non ser partícipe deste teatrillo de deixar a un concello sen dedicacións.

O PSOE vai entregar una documentación legal moi extensa na que se pon de manifesto todo isto.

En primeiro lugar as dedicacións parten da Presidencia, é dicir da Alcaldía, e se lle plantea ao Pleno e así se fixo no Pleno organizativo, respondendo a un funcionamento dos servizos públicos.

¿Cómo pode traer un concelleiro una moción apoiada por persoas que intentaron sobornar a un alcalde, pedíndolle cartos?

D. Salvador Eiroa Ameijenda, por alusións intervén dicindo “ presuntamente” ao cal o Alcalde lle indica que non ten a palabra.

O Alcalde pregúntalle a Sr Pose Verdes como puido vir acompañando á firma por ese concelleiros tráfugas, concelleiros que foron elixidos polo PSOE e utilizan a súa acta para unirse a APIN que non ten a forza suficiente, os votos suficientes para presentar nada nin para aprobar nada nun Pleno.

Como legalmente non poden presentar unha moción de censura, pois que se fai, quitar as dedicacións de 940 eurosí

O Alcalde dálle a palabra a D^a Noelia Varela Suárez, concelleira de Servizos Sociais.

Toma a palabra a concelleira e di que esta é a primeira vez que fala alí e espera que sexa a última, considerando que este é o lugar para falar e expresarse e non nas redes sociais.

Continúa dicindo que ela está ali porque a escolleron os veciños.

Diríxese ao voceiro de APIN e coméntalle que él cando estivo no Concello cobrou por facer o seu traballo, e polo que ten entendido, cobrou bastante máis do soldo das dúas concelleiras xuntas, e iso que esto era una ruina según o señor Pose Verdes.

Recalca que a motivación do Plan Social de Emprego é una disculpa, un populismo barato, porque o único que se pretende é que se aparten as señoras concelleiras.

Insiste que tanto ela como a súa compañeira van continuar aínda que sexa sin soldo polos seus veciños, que foron os que lles deron o voto.

Comenta que se as queren botar, presenten a moción de censura, e senón, indícalles que teñan paciencia, que esperen 2 anos, e despois xa decidirá o pobo se quere a Carballido aquí, se quere a APIN ou se queren aos demais.

Continúa dicindo que a diferenza cos seus compañeiros é que elas non aspiran a ese sillón, elas viñeron para aquí e que non lle ofreceron soldo, soamente intentan facer o seu traballo o mellor que poden ou saben, e que deron a palabra para un proxecto e vano cumprir. Se nalgún momento non están de acordo co proxecto, está claro que marchan pero deixan a acta para que entre calquera dos seus compañeiros. O que teñen claro é que elas non van dar o seu voto a ningún outro partido.

Dá as gracias ao PP pola abstención na proposta das vivendas sociais.

O alcalde dalle a palabra ao voceiro de APIN, Sr Pose Verde, para a segunda rolda de intervencións, que lle ao Alcalde recorda que hai un informe de Secretaría no que di que a proposta é legal, polo que lle solicita ao Sr Alcalde que non diga mentiras.

En segundo lugar o Sr Pose Verdes, indica que soamente busca o mellor para o concello, pero recorda que quen deixou ao Concello sen dedicacións foi o Sr Alcalde, e foi él quen renunciou ao soldo e marchou para o colexio.

A Sra Carrillo Aguiar, voceira do PP, na segunda quenda de intervencións, diríxese as concelleiras dicindo que se se chega a a esta situación é porque o seu amado líder as leva a elas, que soamente él provoca estas situación e aclara que na proposta das vivendas sociais abstivéronse dado que xa formaba parte do proxecto.

O Sr Alcalde toma a palabra e di que o señor Pose Verdes ten moita prisa, ten ganas de que non se fale. Fai alusión a unha páxina do Facebook na que no seu día decíase que unha dedicación de servizos sociais non pode únicamente dedicarse tres hora e medias. Interrompe o concelleiro Miguel González Gómez que e chamado a orde por primería vez por o Sr. Alcalde por non ter a palabra.

Reitera que esta moción non ten ningunha fundamentación tal como se presenta e insiste en que o PSOE vai pelexar porque as dúas concelleiras sigan cobrando, e dálle a secretaria como voceiro do PSOE, non como alcalde, una documentación na que di constar un informe xurídico e varias sentenzas para que consten no expediente do pleno.

A secretaria intervén e pregunta que quere que conste en acta, o alcalde responde que conste en acta toda a documentación e se incorpore ao expediente.

A secretaria fai constar que o Sr Alcalde quere incorporar unha documentación ao contido da acta, pero ela non pode incorporala dado que non forma parte do expediente e que non está rexistrada, indicándolle que pode rexistrala se quere.

O Sr Pose Verdes indícalle, por alusións, que está moi nervioso, que se hai algo ilegal xa se demostrará.

Finalizado o debate sométese a votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 votos de APIN e 5 votos do PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Raquel Fondo Pérez, Faustino Santiago Lema, Ana Pérez Imía, Salvador Eiroa Ameijenda).

Votos en contra: 3 votos do PSOE ((Xose Lois García Carballido, Noelia Varela Suárez e María Teresa Chouciño Calvete)

Abstencións: 2 votos do PP

Polo que se aproba favorablemete con 7 votos a favor.

Terceiro.- Revogación de tódalas delegacións outorgadas polo Pleno ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local na sesión constitutiva celebrada o 15/06/2019

Exposición de motivos

Na sesión de constitución da Corporación, celebrada o día 1/07/2019, o Pleno acordou a delegación no Alcalde das seguintes competencias do Pleno, do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local:

- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia do Pleno, do artigo 22.2.j) do devandito corpo legal.

- A declaración de lesividade dos actos do concello, do artigo 22.2.k) do devandito corpo legal.

Na mesma sesión, o Pleno acordou a delegación na Xunta de Goberno Local das seguintes competencias do Pleno:

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento. A concertación das operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos. Competencia do artigo 22.2 da LBRL.

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso superen os seis millóns de euros. As competencias na adxudicación de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e en todo caso o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor supere a contía e a porcentaxe indicados. A competencia para a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 da LCSP. Competencia da Disposición adicional segunda, apartado 2 da LCSP.

Á vista da caótica xestión levada a cabo polo Alcalde ao longo dos últimos meses, da súa delicada situación política sen os apoios suficientes para a adopción de acordos e da multitude de competencias asumidas tras o cese de 5 concelleiros do Grupo de Goberno, cómpre promover desde o Pleno da Corporación unha fiscalización reforzada da súa labor, co obxectivo de protexer os intereses dos veciños e veciñas de Ponteceso. Baixo ese obxectivo, entendemos preciso revogar as competencias delegadas polo Pleno ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local.

Moción

Por todo iso, o voceiro do Grupo Municipal de APIN-SON Ponteceso presenta para a súa aprobación en Pleno, os seguintes acordos:

1.- Revogación das competencias delegadas polo Pleno ao Alcalde na sesión celebrada no día 01/07/2019, consistentes nas seguintes:

- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia do Pleno, do artigo 22.2.j) do devandito corpo legal.

- A declaración de lesividade dos actos do concello, do artigo 22.2.k) do devandito corpo legal.

2.- Revogación das competencias delegadas polo Pleno á Xunta de Goberno Local na sesión celebrada no día 01/07/2019, consistentes nas seguintes:

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento. A concertación das operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa

contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos. Competencia do artigo 22.2 da LBRL.

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso superen os seis millóns de euros. As competencias na adjudicación de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e en todo caso o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor supere a contía e a porcentaxe indicados. A competencia para a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 da LCSP. Competencia da Disposición adicional segunda, apartado 2 da LCSP.(...)"

O Sr Alcalde dalle a palabra ao Sr Pose Verdes, voceiro de APIN, que na primeira quenda de intervencións indica que esta proposta é inaprazable. Engade que o Alcalde esta so,e que non para de asumir dedicacións, o que pon de manifesto que non lle gusta traballar en equipo.

Esta situación ten como consecuencia que o xestione únicamente unha única persona, que ten como consecuencia, servizos públicos deteriorados, que os traballadores municipais estean presionados polo interés persoal do alcalde e alarmados pola presenza das cámaras, que o grupo de protección civil estea desmantelado.

O Sr Alcalde indícalle o voceiro de APIN que se axuste a motivación.

O Sr. Pose Verdes continúa dicindo que estamos ante unha xestión errática, con informes demoledores dos técnicos na que a única solución e a súa dimisión, pero mentres tanto estamos na obriga de retomar as competencias plenarios de orixe.

A voceira do PP, Sra Carrillo Aguiar na súa quenda de intervencións indica que o Alcalde non quere marchar e neste momento vai quedar sin competencias. Reitera a moción de censura.

O Sr. Alcalde, na súa quenda de intervencións, indica que en ningún momento se ve que quitar competencias delegas na alcaldía mellora a xestión do Concello, polo que imos votar en contra. Engade que o pleno ten a capacidade de fiscalizar o Goberno e este responsabilizarse da súa xestión.

Continúa dicindo e dirixíndose ao voceiro de APIN que o que non pode ser é que el vaia de experto en xestión financeira.

Indica que dende que el é alcalde pasou de 5 millóns a un millón de débeda, 8 millóns de euros invertidos en obras e servizos, licitacións como se fosemos un concello de 40.000 habitantes, lograr que Corme Porte figure no plan de banda larga do goberno.

Esa mala xestión convertiuse en pasar de 4 concelleiros a 8 concelleiros, así que os vecinos si que a aprecian.

Continúa dicindo que se queren quitar as competencias, quítenas ,pero o problema é a alianza que existe no Concello entre APIN e os tráfugas, para bloquear o pago aos autónomos. Neses pagos hai hosteleiros que deron comidas por encargo de concelleiros aquí presentes que agora non queren pagar os autónomos, polo que non fale de xestión económica.

Na segunda quenda de intervencións, o Sr Pose Verdes, voceiro de APIN, indica que o Sr. Alcalde dilles que os voceiros se ciñan ao punto e él pode falar de todo .

Continúa dicindo que xestión tamén son os extraxudiciais. Todo o crédito que tiña de libre disposición, aparte do soldo dos empregados, foi xestionado a través de extraxudiciais. Finaliza a súa exposición dicíndolle o Alcalde que hai que saber gañar e saber perder.

O Sr Alcalde dalle o turno á voceira do PP, Sra. Carrillo Aguiar, que pregunta se o seu tempo o pode ceder a outra concelleira. O Sr. alcalde insiste que ela podeo ceder a outra concelleira do seu partido non de outro partido e preguntalle se ten algo máis que engadir.

Interrompe D^a Ana Pérez Imia dicindo que quere que conste en acta que se está incumpr indo o ROM e chámalle o Sr Alcalde a orde dúas veces consecutivas con advertencia que a 3^a chamada será expulsada, e insite que cando sexan expulsados do PSOE si que terá dereito ao uso da palabra. Recomendalle que estudie o ROM. Interrompe D. Salvador Eiroa Ameijenda o cal é chamado a orde por primeira vez por o Sr. Alcalde.

Sra. Carrillo Aguiar, retoma o uso da palabra e di que é o mesmo de sempre, que se o concello está nesta tesitura é porque o Sr alcalde a levou a ela e que a única moción necesaria aquí sería unha moción de censura.

O Sr alcalde na súa quenda de intervencións, replica que parece mentira que o PP, un partido que está gobernando na Xunta, estea chamando a unha moción de censura con persoas coñecidas en toda Galicia por pedir diñeiro antes dun pleno. Recorda que no último pleno tivo que suspéndelo pleno para que o portavoz do PP non acabara no cabozo de Carballo, porque non quería abandonalo pleno.

Interrompe o concelleiro de APIN, Marco Varela dicindo que se pide seriedade non provoque ao Pleno

Iniciáase un novo altercado entre o concelleiros.

O alcalde sigue insistindo que non se pode chamar a unha moción de censura apoiada por APIN cando foi o grupo menos votada e fracasou, asi como o BNG que tamén fracasou neste concello e insiste que con Fondo e Óscar si que se podía ter un debate á altura de política, de ideas de proxectos.

Por parte da voceira do PP pídese a palabra por alusións. O Sr. Alcalde indica que poder facer uso da mesma no seguinte punto.

Sométese a moción a votación, acando o seguinte resultado.

Votos a favor: 2 votos de APIN e 5 votos do PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Raquel Fondo Pérez, Faustino Santiago Lema, Ana Pérez Imia, Salvador Eiroa Ameijenda), 2 do PP

Votos en contra: 3 votos do PSOE ((Xose Lois García Carballido, Noelia Varela Suárez e María Teresa Chouciño Calvete)

Abstencións:-----

Polo que se aproba favorablemete con 9 votos a favor.

Cuarto.- Rebaixa do IBI urbano e rústico ao 0,4€ da base liquidable

Toma a palabra o Sr. Pose Verdes, e indica que esta proposta xa a levaron a outro pleno e cren que é necesaria para os veciños para intentar suavizar a presión fiscal. Entende razonable unha análise profunda sobre a súa viabilidade por parte dos empregados municipais, debido ao Plan de Axuste e ao Plan Económico Financiero ao que está sometido o concello.

Para compensar a falta de ingresos nas arcas municipais ante esta rebaixa, habería que buscar onde quitar o cartos por suposto.

Recorda a cantidade de cousas que se fixeron hai catro anos, sobre todo co tema do teléfono, no que se conseguiu reducir a factura de 4000 a 800-900€ mensuais, ao igual que pasou cos seguros, que dos 20.000 € conseguiu unha redución a metade grazas a anterior concelleira.

Continúa dicindo que se poden baixar "productividades", que considera desequilibradas e que non fai falta que se explique o por que.

Finaliza dicindo que é urxente levar a cabo unha rebaixa do IBI, posto que non entende que en Concellos limítrofes, de poboación semellante os servizos sexan moito máis baratos.

Toma a palabra, na súa quenda de intervencións, a Sra. Carrillo Aguiar, que indica que o PP non se vai opoñer para nada á rebaixa deste imposto, aínda que entende que esto debería ir acompañado de informes técnicos.

O Sr Alcalde toma a palabra, no seu turno de intervencións, e di que por cuestións prácticas vai xuntar o debate do IBI e do ICIO e despois as votacións dos mesmos serán independentes.

Continúa dicindo que esta moción xa se trouxo no se momento polo Sr Pose Verdes, e nese momento non se aprobou, pero que como agora é o líder volve tráela.

O alcalde pide seriedade, di que o Sr Pose Verdes foi concelleiro do goberno, e sabe que o concello está sometido a un Plan Económico Financiero, do cal o PP debería estar calado porque o alcalde que estaba presente naquel pleno os quería meter nun Plan de Axuste no que subía o IBI, o IAE, ICIO ...un 11%-12% ou 13% durante 10 anos...e daquela APIN, BNG e PSOE pararon ese Plan e quedaron as taxas conxeladas durante 5 anos.

O alcalde comenta que a semana pasada aprobouse unha bonificación de 21.000€ par a unha empresa que vai facer 5 naves no polígono industrial de Tella, e insiste que eso é que hai que facer para que haxa emprego .

Recorda que para eso se aprobou o programa de Buildingbusiness da Fegamp e da Xunta de Galicia, utilizar a política fiscal dunha forma que sirva de incentivo para á xente que queira investir, non para a xente que quere ter as propiedades paradas.

Solicita o Sr alcalde que conste en acta a carencia completa de motivación, de expediente e dos requisitos legais para unha modificación do IBI e ICIO, sendo un acto inválido, dado que supón recortar nuns 300.000€ os ingresos do Concello cada ano.

Propónlle o alcalde ao señor Pose Verdes que faga un expediente completo que ten que traer ao pleno, e diga de onde quere recortar eses 300.000€, porque esto parécelle un brindis ao sol.

O Sr Pose Verdes, na segunda quenda de intervencións, esixe que conste en acta que o Sr Alcalde dixo que con esta rebaixa se deixa de recaudar 300.000€.

Continúa dicindo que a ollo se se rebaixa o 2% o ICIO, e son 60.000€ os que se ingresan, e no IBI se se recauda un millón de euros, di que esas contas non dan

Continúa dicindo que un alcalde socialista non pode estar a favor de ir en contra da xente, a pesar de que sempre insite en que a xente é o importante, dado que un cidadán da Ponte ten que pagar máis impostos que os cidadáns de outros concellos.

O Sr Pose Verdes pide uns minutos do seu tempo para o seu compañeiro de partido Marco Vidal Varela, e o alcalde dálle a palabra.

O Sr Vidal Varela inicia a súa exposición dincindo que o que máis lle doe e que o Sr alcalde non respete a ninguén, porque aquí ninguén é máis que ningúen, a pesar de que o Sr Alcalde se crea moi supremo e trate a todo o mundo como basura.

O Concello colleuno moi mal no seu día cun tripartito, e doelle moito ao Sr Vidal Varela que non o queira recoñecer. Di sentirse moi arrepentido de darlle no seu día o seu voto, porque o traballo dos 4 anos pasados foi dos 3 grupos políticos, e insiste que ten que recoñecelo, e se sacou unha maioría absoluta que tanto restrega pola cara, foi polo traballo de todos os teus compañeiros, non do alcalde soamente.

O Sr alcalde dille ao Sr. Varela Vidal que vaia rematando, que excederon o tempo.

O Sr Pose Verdes pide un segundo e di que quere que conste en acta que este é un inicio do expediente e que están deliberando se é posible ou non é posible.

A Sra Carrillo Aguiar, voceira do PP, pide a palabra para a súa compañeira de partido D^a. Beatriz Martínez Calvo, que o alcalde acepta. Esta fai mención ao cometario do Sr Alcalde acordándose de Fondo e de Óscar e pregúntalle ao Alcalde se os compañeiros que levou él nas listas sabían de política, se tiñan algún máster ou algo, porque non esté nin Fondo nin Óscar non pode desprezarse ao resto, porque insiste que ela quere a Ponteceso e que ten ganas de aprender.

Interven por último a Sra. Carrillo Aguiar e fai referencia ao alcalde como "paiaso de circo", dicindo estar dacordo coa súa compañeira.

O Sr Alcalde exíselle, tal como está recollido no ROM, que retire esas palabras. D^a Marta Carrillo Aguiar retira as palabras dicindo que foi algo metafórico.

O Sr Alcalde, na súa quenda de intervencións, responde ao Sr Pose Verdes dicindo que Cabana é maravilloso pero Cabana non tiña 1,5 millón de deuda en 2015 e insiste que é moi facer pedir esta rebaixa sen impostrar as súas consecuencias.

Non consinte que o Sr Vidal Varela diga que non se están facendo obras e aconsella que miren o perfil do contratante que alí verán as obras que se están facendo.

Empeza unha discusión cos concelleiros e chámalle ao Sr Eiroa Ameijenda a orde por segunda vez.

O Sr Alcalde continúa dicindo que o pobo non quere a APIN porque ao mellor o candidato de APIN non gusta, e como saíron mal as eleccións son capaces de facer calquer cousa.

Intervén o Sr Pose Verdes por alusións e o alcalde chámalle á orde por primeira vez.

Continúa o Sr alcalde falando das obras que se van hacer a partir do 2021, facendo unha mención aos funcionarios dos concellos polo seu traballo nestes momentos.

Insiste na seriedade e recorda que hai que desbloquear os pagos aos provedores.

De seguido dalle a palabra á Sra secretaria para que lea o literal das mocións.

Quere intervir o Sr Pose Verdes pero non lle da a palabra o señor alcalde.

A Sra Secretaria le a moción:

“Na data de 28/07/2019, o Grupo Municipal de APIN-SON Ponteceso promoveu a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno aos efectos de aprobar unha rebaixa na base liquidable do IBI e na base impositiva do ICIO, que non contaron co apoio necesario da Corporación. Convencidos como estabamos xa naquelas datas da conveniencia da súa aprobación, no momento actual, coa delicada situación económica na que se atopan moitos veciños e veciñas do noso Concello como consecuencia da pandemia da COVID-19, estas rebaixas debeñen indispensables e inaprazables.

Así, baixo estas novas circunstancias e aos efectos de aliviar a presión fiscal soportada polos nosos veciños e veciñas, entendemos necesaria unha nova toma en consideración do Pleno do Concello da conveniencia dunha rebaixa da base liquidable e da base impositiva dos tributos municipais do IBI e do ICIO nos termos expostos nos puntos 3 e 4 da orde do día proposta”

”

A Sra Secretaria pide a palabra para facer unha consideración, ao que o Sr Alcalde di que procede a votación.

Comeza nova discusión dos concelleiros ante non deixar falar a Sra Secretaria

A Sra secretaria insiste en facer contar en acta que se puxo unha dilixencia na que se indica que se a moción se aproba no seu literal, implica a ausencia de expediente administrativo, por ser necesarios informes preceptivos, tal como se dixo na comisión informativa. Deberíase considerar como inicio de expediente, e como o Sr Pose Verdes fixo constar en acta que se iniciara o expediente, o que procedería sería unha enmenda a esa moción en que constara o inicio de expediente de tanto da rebaixa do IBI e do ICIO, que ten que ser aprobada por maioría simple do Pleno.

Sométese a votación do punto 4:

Votos a favor: -

Votos en contra: 3 votos do PSOE (Xose Lois García Carballido , Noelia Varela Suárez e María Teresa Chouciño Calvete)

Abstencións: 9 (2 votos de APIN 5 votos do PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Raquel Fondo Pérez, Faustino Santiago Lema, Ana Pérez Imia, Salvador Eiroa Ameijenda e 2 votos do PP)

Polo que non se aproba a moción da rebaixa do IBI.

Quinto.- Rebaixa do ICIO ao 2% da base imponible.

Sométese a votación do punto 5:

Votos a favor: -

Votos en contra: 3 votos do PSOE (Xose Lois García Carballido , Noelia Varela Suárez e María Teresa Chouciño Calvete)

Abstencións: 9 (2 votos de APIN 5 votos do PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Raquel Fondo Pérez, Faustino Santiago Lema, Ana Pérez Imia, Salvador Eiroa Ameijenda e 2 votos do PP)

Polo que non queda aprobada a rebaixa do ICIO ao 2% da base imponible.

Faise un breve receso de 3 minutos e retómase o debate ás 21:39 horas.

Sexto. 2020-X999-000543 – Encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevencións aprobadas para a loita contra a COVID -19

Por parte da Sra Secretaria procédese á lectura do ditamen, que no seu literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ENCOMENDA DE XESTIÓN: CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19. EXPEDIENTE: 2020/X999/000543

Logo de ver o convenio tipo entre a Vicepresidencia primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevencións aprobadas para a loita contra a COVID -19, rexistrado o día 30.11.2020

Tendo en conta o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Rexime xurídico do sector público que recolle unha serie de prescripcóns sobre a encomenda de xestión:

“1. La realización de actividades de carácter material o técnico de la competencia de los órganos administrativos o de las Entidades de Derecho Público podrá ser encomendada a otros órganos o Entidades de Derecho Público de la misma o de distinta Administración, siempre que entre sus competencias estén esas actividades, por razones de eficacia o cuando no se posean los medios técnicos idóneos para su desempeño. Las encomiendas de gestión no podrán tener por objeto prestaciones propias de los contratos regulados en la legislación de contratos del sector público. En tal caso, su naturaleza y régimen jurídico se ajustará a lo previsto en ésta.

2. La encomienda de gestión no supone cesión de la titularidad de la competencia ni de los elementos sustantivos de su ejercicio, siendo responsabilidad del órgano o Entidad encomendante dictar cuantos actos o resoluciones de carácter jurídico den soporte o en los que

se integre la concreta actividad material objeto de encomienda. En todo caso, la Entidad u órgano encomendado tendrá la condición de encargado del tratamiento de los datos de carácter personal a los que pudiera tener acceso en ejecución de la encomienda de gestión, siéndole de aplicación lo dispuesto en la normativa de protección de datos de carácter personal.

3. La formalización de las encomiendas de gestión se ajustará a las siguientes reglas:

a) Cuando la encomienda de gestión se realice entre órganos administrativos o Entidades de Derecho Público pertenecientes a la misma Administración deberá formalizarse en los términos que establezca su normativa propia y, en su defecto, por acuerdo expreso de los órganos o Entidades de Derecho Público intervinientes. En todo caso, el instrumento de formalización de la encomienda de gestión y su resolución deberá ser publicada, para su eficacia, en el Boletín Oficial del Estado, en el Boletín oficial de la Comunidad Autónoma o en el de la Provincia, según la Administración a que pertenezca el órgano encomendante. Cada Administración podrá regular los requisitos necesarios para la validez de tales acuerdos que incluirán, al menos, expresa mención de la actividad o actividades a las que afecten, el plazo de vigencia y la naturaleza y alcance de la gestión encomendada.

b) Cuando la encomienda de gestión se realice entre órganos y Entidades de Derecho Público de distintas Administraciones se formalizará mediante firma del correspondiente convenio entre ellas, que deberá ser publicado en el «Boletín Oficial del Estado», en el Boletín oficial de la Comunidad Autónoma o en el de la Provincia, según la Administración a que pertenezca el órgano encomendante, salvo en el supuesto de la gestión ordinaria de los servicios de las Comunidades Autónomas por las Diputaciones Provinciales o en su caso Cabildos o Consejos insulares, que se regirá por la legislación de Régimen Local”.

Visto o informe xurídico de secretaría do 2.12.2020

Visto o informe de intervención do 3.12.2020

Considerando o disposto á colaboración interadministrativa nos artigos 27, 55 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais normativa de aplicación.

Considerando a atribución concedida ao alcalde e ao Pleno polo artigos 21.1 e 22.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Encomendar a xestión do servizo de á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevencións aprobadas para a loita contra a COVID -19

SEGUNDO. Nomear ao Alcalde de Ponteceso, a representación única, tanto da coordinación como na interlocución, ante a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

TERCEIRO. Aprobar a proposta de convenio convenio tipo entre a Vicepresidencia primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia recibido o 30.11.2020. Unha vez conste no expediente a aprobación do convenio por parte dos interesados, que se publique o acordo co texto do convenio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administración públicas..

Iniciado o debate, toma a palabra o Sr Alcalde que di que se trata dunha proposta resultado do traballo que se fai dende a FEGAMP cos concellos, para que se poidan tramitar as denuncias de infraccións graves de particulares ou empresas e que poñen en perigo a Saúde pública neste momento de pandemia. Se non se aproba esta proposta afirma que se tería un vacío legal e non se poderían tramitar esas denuncias, por eso é importante aprobala.

Toma a palabra o Sr Pose Verdes que indica que non ten claro que haxa un vacío legal en caso de levar a cabo esas denuncias.

A Sra. Carrillo Aguiar toma a palabra e di que conste en acta que o Alcalde debe cumprir as normas, porque o Sr alcalde esixe cumprir normas e él non o fai. Respecto da proposta confirma que polo que ve , a Xunta de Galicia aínda axuda algo, non só é o Alcalde o que fai todo.

O Sr Alcalde toma a palabra é considera que a saúde da poboación e dos veciños é un ben supremo. Insiste no agradecemento aos funcionarios , a protección civil e empresas que estiveron ahí axudando durante a pandemia.

Respóndelle ao Sr Pose Verdes dicindo que a Policía Local multa en base e a unha ordenanza pero que non hai casi ningún Concello en Galicia que teña ordenza relativa ao COVID-19.

APIN e PP non teñen máis que engadir.

Finalizado o debate, sométese a votación o ditame, acandado o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 votos do PSOE (Xose Lois García Carballido, Noelia Varela Suárez e María Teresa Chouciño Calvete) e 2 PP.

Votos en contra: 1 APIN (Jose Manuel Pose Verdes) e 5 do PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Raquel Fondo Pérez, Faustino Santiago Lema, Ana Pérez Imia, Salvador Eiroa Ameijenda)

Abstencións: 1 APIN (Marco Vidal Varela)

Deca a proposta, ao non acadar a maioría absoluta

Séptimo.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 3/2020. Exp: 2020/X999/000404

EXPEDIENTE: 2020/X999/000404

PROPOSTA DE ALCALDÍA

VISTO que xa iniciado o exercicio 2020 tiveron entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso diversas facturas presentadas por acreedores municipais correspondentes a

prestacións efectivamente realizadas no exercicio 2019 así como prestacións efectivamente realizadas no exercicio 2020 sen crédito axeitado e suficiente, tal e como constan nos informes de intervención comprendidos nas referencias de LMR fisc1/2020 a LMR fisc15/2020, ambos inclusive.

VISTAS as providencias de alcaldía de 27.08.2020 e de 01.12.2020 nas que se dispón a contabilización de retencións de crédito para garantir a existencia de crédito axeitado e suficiente para a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 3/2020.

VISTO os expedientes núm. 2020/X999/000406 e 2020/G003/000599 de aprobación de mc24tc09-2020.

VISTAS as sesións plenarias de 28.09.2020 e de 26.11.2020 nas que se propuxo por esta alcaldía a aprobación do extraxudicial nº 3/2020, ao abeiro da proposta asinada por min o 28.08.2020.

VISTO que, con motivo da non aprobación da modificación de crédito expediente nº mc25tc10-20, me vin obrigado a retirar das respectivas ordes do día, dada a insuficiencia de crédito, o extraxudicial nº 3/2020.

CONSIDERANDO que é necesario aprobar as facturas pendentes coa finalidade de evitar que se sigan a devengar xuros de demora.

VISTO o informe de intervención referencia LMR extraxudicial 3/2020 de data 01.12.2020.

En virtude do exposto, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- O levantamento dos reparos suspensivos emitido pola interventora por aplicación do artigo 216.2.a) do TRLFL no apartado 2.4. do informe referencia LMR extraxudicial 3/2020 de data 01.12.2020, en relación á totalidade das facturas obxecto do recoñecemento extraxudicial nº 3/2020.

2.- O levantamento dos reparos suspensivos emitido pola interventora por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL no apartado 2.7. do informe referencia LMR extraxudicial 3/2020 de data 01.12.2020, en relación ás facturas emitidas polos seguintes provedores: RUBEN DARIO GARCIA ORDOÑEZ, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L, ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, JOSE ANTONIO CALVO RODRIGUEZ, CARLOS BUSTO, S.L., ESPINA & DELFIN, S.L., SERVICIOS GALLEGOS DE LACERIA , S.L., ORONA, S. COOP., FRANCISCO JAVIER PEREZ CANCELA, ZARDOYA OTIS, S.A., SCHINDLER, S.A., ILUMINACIONES BLANCO RIEINUVI S.L., ASOCIACION DEPORTIVA VILA DE PONDAL, S.C., REPSOL BUTANO, S.A., TAPREGA PREVENCION DE RIESGOS, S.L., VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A., TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U., R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A., MARIA CRISTINA ABELLEIRA MARTINEZ,

3.- O levantamento dos reparos suspensivos emitido pola interventora por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL no apartado 2.9. do informe referencia LMR extraxudicial 3/2020 de data 01.12.2020, en relación ás seguintes facturas:

Nº de Entra	Fech a	Nº de Documen	Fech a	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Progr ama	Ec on
-------------	--------	---------------	--------	---------------	--------	-------------------	-----------	-------

da		to	Dto.					om ica
F/ 2020/ 968	02/05 /2020	D01 3890	30/0 4/20 20	174,48	PEYCAR PONTEV EDRA, S.L.	POLO P.CIVIL M/C COOLMAX FRESH / ANAGRAMA P.C PECHO PVC / ANAGRAMA P.C PVC BRAZO ESCUDO CONCELLO / ANAGRAMA P.C PVC BRAZ	135	221 04
F/ 2020/ 1570	11/07 /2020	3357	30/0 6/20 20	268,8	E.S. MABAGA S, S.L.	CAFE (Matricula: P.CIVILGESCOVI D19) / AGUA 500 ML (Matricula: P.CIVILGESCOVI D19) / BOLLERIA/PANA DERIA/PASTELE RIA (M	136	221 05
F/ 2020/ 1411	01/07 /2020	1 31	25/0 6/20 20	544,5	CARPAS FACAL, S.L.	ALQUILER DE JAIMA 5X5 PARA PRUEBAS DE COVID 19 DESDE O 5/06 ATA O 22/06	311	203 00
F/ 2020/ 1092	08/05 /2020	20 138	07/0 5/20 20	387,2	OLGA POSE CHOUCI ÑO	SUDADERAS. Alumnos participantes en proxecto científico.	324	221 04
F/ 2020/ 1162	26/05 /2020	Emit- 19000041 8	26/0 5/20 20	69,3	NIAL CERVEC ERIA, S.L.	COMIDA NIÑOS MUSEO MELGA	333	221 05
F/ 2020/ 1167	27/05 /2020	ROY-6- 6	26/0 5/20 20	69,3	NIAL CERVEC ERIA, S.L.	MUSEO MELGA COMIDA NIÑOS	333	221 05
F/ 2020/ 926	17/04 /2020	Emit- 25	13/0 3/20 20	176	COMPLE JO A PESQUE IRA, S.L	Menu + bocadillos (TORNEO FUTBOL SELECCIONES MASCULINAS COMARCALES)	341	221 05
F/ 2020/ 1163	26/05 /2020	Emit- 19000041 10	26/0 5/20 20	352	NIAL CERVEC ERIA, S.L.	COMIDA FUTBOL	341	221 05
F/ 2020/ 1164	26/05 /2020	Emit- 19000041 9	26/0 5/20 20	141,68	NIAL CERVEC ERIA, S.L.	COMIDA PARA LLEVAR CAMPO FUTBOL	341	221 05
F/ 2020/ 2020/	27/05 /2020	Emit- 2	26/0 5/20	141,68	NIAL CERVEC	COMIDA PARA LLEVAR CAMPO	341	221 05

1165			20		ERIA, S.L.	DE FUTBOL		
F/ 2020/ 1166	27/05 /2020	ROY-7 5	26/0 5/20 20	141,68	NIAL CERVEC ERIA, S.L.	CAMPO DE FUTBOL COMIDA PARA LLEVAR	341	221 05
F/ 2020/ 1168	27/05 /2020	ROY-8 7	26/0 5/20 20	352	NIAL CERVEC ERIA, S.L.	40 NIÑOS COMIDA FUTBOL	341	221 05
F/ 2020/ 1392	29/06 /2020	584	24/0 2/20 20	160	JESUS VARELA RIVERA	Vinte menús campionato de fútbol infantil	341	221 05
F/ 2020/ 1403	29/06 /2020	6	24/0 2/20 20	320	EULOXI O NIETO ANDRAD E	Comidas participantes campionato de fútbol infantil	341	221 05
F/ 2020/ 1234	05/06 /2020	410	09/0 9/20 19	1856,14	TEIMA 1992 SPORT, S.L.	ROPA PUBLICITARIA TURISMO PONTECESO	430	221 04
F/ 2020/ 1384	02/06 /2020	40	01/0 6/20 20	480	VIEIRO	Anuncio publicitario na revista da asociación antidroga Vieiro.	912	226 02
F/ 2020/ 981	04/05 /2020	Emit- 58	04/0 5/20 20	135	ABRAHA M CARREI RO FERNAN DEZ	SUBSCRICIÓN XORNAL O PAPAGAIO (SUBSCRICIÓN XORNAL INFANTIL O PAPAGAIO ANO 2020)	920	220 01

4.- O levantamento dos reparos suspensivos emitido pola interventora por aplicación do artigo 216.2.d) do TRLFL no apartado 2.11. do informe referencia LMR extraxudicial 3/2020 de data 01.12.2020, en relación ás facturas emitidas polos seguintes provedores:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Ec on om ica
F/ 2019/2 166	19/08/ 2019	Emit- 74	19/08/ 2019	7628,43	CARLOS BUSTO, S.L.	CONEXION DE ACOMETIDAS EN O COUTO SEGUN PC319.061 INCLUYE APERTURA DE ZANJA, TAPADO DE LA MISMA, SUMINISTRO E INSTALACIO	161	629 00

5.- A aprobación do recoñecemento extraxudicial nº 3/2020 por importe total de 206.920,98 € conformado polas seguintes facturas:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Económica
F/2020/1367	22/06/2020	T2020/342	22/06/2020	157,91	RUBEN DARIO GARCIA ORDOÑEZ	CAMBIO DE ACEITE, FILTROS Y REVISION DE NIVELES / MANO DE OBRA DE REPARACION MECANICA / MATRICULA:0071DGC / FILTRO ACEIT	132	21400
F/2020/1557	11/07/2020	3343	30/06/2020	54,99	E.S. MABAGA S, S.L.	Diesel e+ (Matricula: 4084FSR)	132	22103
F/2020/1366	22/06/2020	T2020/341	22/06/2020	368,08	RUBEN DARIO GARCIA ORDOÑEZ	MATRICULA: C4243BZ / MANO DE OBRA DE REPARACION MECANICA / LLEVAR COCHE PASAR ITV / KIT FRENO TRASERO / BOTE LIQUIDO FRE	135	21400
F/2020/1562	11/07/2020	3350	30/06/2020	112	E.S. MABAGA S, S.L.	Diesel e+ (Matricula: C4243BZ) / Diesel e+ (Matricula: C4243BZ)	135	22103
F/2020/968	02/05/2020	D01 3890	30/04/2020	174,48	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	POLO P.CIVIL M/C COOLMAX FRESH / ANAGRAMA P.C PECHO PVC / ANAGRAMA P.C PVC BRAZO ESCUDO CONCELLO / ANAGRAMA P.C PVC BRAZ	135	22104
F/2020/1572	14/07/2020	AZFE 0000004052	14/07/2020	60,22	ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	41724161 (PÓLIZA: 41724161 RECIBO: 896370320 RAMO EMBARCACIONES DE RECREO	135	22400

						EMBARCACION: PONTECESO I,)		
F/ 2020/ 1573	14/07/ 2020	AZFE 00000040 53	14/07/ 2020	60,22	ALLIANZ COMPA ÑIA DE SEGUR OS Y REASEG UROS, S.A.	41724748 (PÓLIZA: 41724748 RECIBO: 896370429 RAMO EMBARCACIONE S DE RECREO EMBARCACION: PONTECESO II.)	135	2240 0
